

Modificacións no percorrido da liña 7 do transporte urbano. Obras en Ponte Marzán (desde o luns 11 de abril de 2016).

Con motivo das obras da autopista AP-9 e o corte de tráfico na estrada AC-261 á altura de Ponte Marzán, a liña 7 do transporte urbano ten alterado o seu percorrido desde o día 15 de marzo. A partir do luns 11 de abril, a liña modificará os desvíos e determinados horarios durante os días laborables.

- **SÁBADOS LABORABLES, DOMINGOS E FESTIVOS:** a liña continuará realizando o desvío actual, facendo o percorrido circular e coas mesmas paradas suprimidas.

As viaxes con saída da rúa Valle Inclán en dirección a Aríns (ata o Teleclub) non verán alterado o seu percorrido e as súas paradas. Os horarios de saída da rúa Valle Inclán tampouco terán variación.

Para o traxecto de volta desde o Teleclub, o autobús irá por Torrebranca, Sanxuás, rotonda de Agra dos Campos, Ponte de San Lázaro, SC-20, rúa Diego Bernal (multiusos Fontes do Sar) e retomará o seu itinerario habitual na rúa Ponte de Sar (á altura da parada situada no número 41 desa rúa) en dirección ao centro.

PARADAS ANULADAS NA ZONA DE ARÍNS: Lobío (295), A Pena (16) e rúa San Martiño, cruce Agra das Lamas (540) quedarán sen servizo, sendo as alternativas máis próximas en Torrebranca, Sanxuás e Agra dos Campos. As paradas de Torrebranca, rúa da Obrigada (625), Torrebranca (624), Sanxuás 2 (593), Sanxuás 1 (592) e rúa de Senande (517) realizaranse no sentido contrario ao habitual, isto é, en dirección a Monte do Gozo.

PARADAS ANULADAS NAS ZONAS DE CRUCEIRO DE SAR, PONTE MARZÁN, A DEVESA E ANDRADE (en dirección rúa Valle Inclán): Os usuarios das zonas de Cruceiro de Sar, Ponte Marzán, A Devesa e Andrade que desexen realizar o percorrido en dirección ao centro, deberán coller os autobuses en dirección a Aríns, xa que non voltarán pola mesma estrada. Variarán por tanto as horas para acceder á liña nestas zonas e ir cara a rúa Valle Inclán, pasando aproximadamente entre 10 e 15 minutos despois das saídas de Valle Inclán.

A relación de paradas anuladas e a alternativa máis próxima é a seguinte:

Código	Denominación da parada	Parada alternativa
539	Rúa San Martiño	Teleclub
217	Coto da Nai	Teleclub
44	Andrade (igresario)	Andrade nº 25 (dirección ARÍNS)
45	Andrade nº 10	Andrade (c.Vilacova) (dirección ARÍNS)
10	A Devesa (c. Senande)	A Devesa (c.Senande) (dirección ARÍNS)
8	A Devesa	A Devesa nº 26 (dirección ARÍNS)
272	Grandeira - A Devesa	Grandeira (dirección ARÍNS)
394	Ponte Marzán	Ponte Marzán (dirección ARÍNS)
189	Cima da Vila	Rúa de Sandino nº 134 (dirección ARÍNS)
512	Rúa de Sandino (fr. nº 62A)	Rúa de Sandino nº 62ª (dirección ARÍNS)
222	Cruceiro de Sar (dir. centro)	Cruceiro de Sar (dirección ARÍNS)
524	Rúa do Cruceiro de Sar (fr. nº 38)	Ponte de Sar nº 41
523	Rúa do Cruceiro de Sar (c. Picaños)	Ponte de Sar nº 41
386	Ponte de Sar nº 55	Ponte de Sar nº 41

- **LUNS A VENRES LABORABLES:** a liña desdobrarase con dous autobuses ao longo de todo o día. Un deles atenderá a zona de Sar ata Ponte Marzán, realizando o cambio de sentido antes das obras. O segundo autobús atenderá Aríns e Fornás, facendo a ida e volta pola SC-20 e o Monte do Gozo.

1. Autobús con servizo rúa Valle Inclán – Sar – Ponte Marzán e volta.

Percorridos e paradas habituais da liña ata o punto de corte da estrada, tanto de ida como de volta.

Horarios:

Rúa Valle Inclán – Sar – Ponte Marzán:

Luns a venres laborables, 7:00 8:00 8:40 9:20

e de 10:00 a 22:00 (cada 60 minutos).

Ponte Marzán – Sar – rúa Valle Inclán:

Luns a venres laborables, **7:20** 8:20 9:00 9:40

e de 10:30 a 22:30 (cada 60 minutos).

2. Autobús con servizo rúa Valle Inclán – Aríns e Aríns – rúa Valle Inclán (realizando prolongacións a Fornás de luns a venres laborables).

Percorrido de ida: rúa Valle Inclán – itinerario habitual ata Castrón Douro, desvío por Bernardo Barreiro, Avda. Lugo, SC-20, Monte do Gozo, Sanxuás, rúa de Senande, rúa da Piaxe, A Devesa, Andrade e cruce Teleclube. As viaxes con prolongación a Fornás realizaranse desde o Teleclube, ida e volta.

Percorrido de volta: Teleclube, Lobío, A Pena, Monte do Gozo, SC-20, Avda. de Lugo, Bernardo Barreiro e itinerario habitual desde Curros Enríquez ata rúa Valle Inclán.

O percorrido deste autobús por Aríns será circular, subindo e baixando os usuarios na mesma parada nas zonas de Sanxuás, Torrebranca, A Devesa, Andrade, Lobío e A Pena.

Quedarán **suprimida** unha parada en Torrebranca, na rúa da Obrigada):

Código	Denominación da parada	Parada alternativa
625	Torrebranca (rúa da Obrigada)	Torrebranca ou ben Teleclube

Horarios:

Rúa Valle Inclán – Aríns:

Luns a venres laborables, de 7:00 a 22:00 (cada 60 minutos).

Saídas de Valle Inclán que se prolongan tamén a Fornás: 7:00 8:00 9:00 10:00 11:00 14:00 15:00 19:00 20:00

Aríns – rúa Valle Inclán:

Luns a venres laborables, de 7:30 a 22:30 (cada 60 minutos).

Saídas de Fornás: 7:30 8:30 9:30 10:30 11:30 14:30 15:30 19:30 20:30

Adxúntase o plano indicativo dos percorridos dos dous autobuses de luns a venres laborables.

Pregamos desculpen as molestias que estas alteracións lles podan ocasionar.

Luns a venres laborables. Desdobramento da liña:

